



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Teoría da educación	Código	652G02001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	helena.zapico@udc.es	
Profesorado	Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	helena.zapico@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Teoría da educación constitúe unha das materias de carácter básico que se sitúa no primeiro curso e no primeiro cuatrimestre do Grao en Educación Primaria; un momento particularmente sensible e decisivo no comezo da construción da traxectoria formativa do estudantado universitario, e cuxos contidos e competencias resultan un alicerce pedagóxico esencial sobre o que se irán construíndo os piares da súa cualificación e desenvolvemento profesional. Xunto a outras materias coas que atopamos frutíferas conexións conceptuais e epistemolóxicas ao longo de toda a titulación, pretendemos axudar ao alumnado a analizar e comprender criticamente o fenómeno e procesos educativos dende unha perspectiva reflexiva e teórico-práctica. Afondarase asemade nos principios, fins e valores que orientan a función educadora, así coma no estudo dalgunhas das teorías, correntes e movementos educativos máis relevantes e representativos da nosa época, sen perder de vista a imprescindible defensa permanente dos dereitos da infancia. Deste xeito, ofrecerase unha visión actual e prospectiva dos principais desafíos aos que debe facer fronte a escola do século XXI no marco social e comunitario, achegándonos a algunhas das tendencias innovadoras que se albiscan como alternativas posibles e pedagoxicamente desexables, nomeadamente no contexto do ensino primario. Procurarase, xa que logo, contribuír ?dende un enfoque emancipador, ético e transformador? á construción do pensamento pedagóxico das futuras mestras e mestres, avogando pola recuperación da súa función como intelectuais e creadoras de cultura.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.	A1	
Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.	A2	
Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.	A7	
Coñecer os fundamentos da educación primaria.	A8	
Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.	A9	
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actualidade educativa	A10	
Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.	A16	
Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria	A17	
Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.	A18	
Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade	A22	
Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico	A34	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro	A64	
Aprender a aprender		B1
Resolver problemas de forma efectiva		B2



Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B3	
Traballar de forma autónoma con iniciativa. Traballar de forma colaborativa.		B4 B5	
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.		B7	
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente		B8	
Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.		B9	
Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.		B14	
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		B15	
Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.		B16	
Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo		B17	
Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.		B18	
Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.		B19	
Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que inclúe algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		B21	
Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		B22	
Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.		B23	
Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.		B24	
Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		B25	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Explicación e comprensión do feito educativo.	<ul style="list-style-type: none"><li>- A Teoría da Educación: niveis de análise e planos explicativos.</li><li>- Ámbito conceptual: caracterización científica da educación.</li><li>- Natureza e funcións sociais da educación.</li></ul>
2. Dimensións, fins e principios da educación.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Dimensións presentes en toda práctica educativa.</li><li>- Fins, valores e principios deontolóxicos da educación.</li><li>- Relacións estruturais entre educación e sociedade. A institución escolar como produto social.</li><li>- Aproximación aos paradigmas en educación e movementos pedagóxicos contemporáneos.</li></ul>
3. O dereito á educación.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación.</li><li>- Lexislación e dereito á educación: perspectiva nacional e internacional.</li><li>- Dereito á educación: igualdade, liberdade e calidade.</li><li>- A institucionalización da educación: os sistemas educativos nacionais.</li></ul>



4. A educación como proceso de comunicación interpersonal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación e educación.</li> <li>- A mediación pedagóxica: sentido, tipoloxía e significados.</li> <li>- Comunicación e saber profesional: O educador/a como profesional. Tensións e incertidumes do profesorado actual.</li> </ul>
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica.</li> <li>- Sociedade educativa: proxecto educativo de cidade; cidades amigas da infancia; etc.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 A64	2	0	2
Sesión maxistral	A1 A7 A8 A9 A10 A17 A64 B7 B9 B15 B16 C1	12	0	12
Análise de fontes documentais	A1 A8 A9 A10 B4 B15 B21 B23	2	23	25
Recensión bibliográfica	A1 A9 A22 A34 A64 B4 B14 B15 C1 C7	0	13	13
Estudo de casos	A1 A7 A9 A17 A22 A64 B3 B5 B8 B9 B18 C7	1	9	10
Presentación oral	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	4	5	9
Traballos tutelados	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	0	14	14
Portafolios do alumno	A9 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1	1	9	10
Proba de ensaio	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	2	15	17
Discusión dirixida	A9 A22 A34 A64 B1 B3 B4 B7 B8 B9 B25 C1	6	0	6
Aprendizaxe servizo	A1 A2 A7 A9 A16 A18 A22 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B9 B14 B16 B17 B18 B19 C1 C4 C7	6	18	24
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A7 A8 A9 A17 A22 A34 A64 B19 C4 C7	0	2	2
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do/a profesor/a, nas que se presentará o programa da materia e a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia diante do alumnado, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Análise de fontes documentais	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, lexislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relacións cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte da/o docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un traballo de ampliación sobre un dos 5 bloques temáticos, que contemplará a recensión dun libro, a busca e análise de novas de prensa, e/ou un estudo de caso sobre unha experiencia, un programa ou recurso relacionado.</p> <p>Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de tutoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula.</p> <p>Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva, o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.</p> <p>A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuadrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.</p>
Portafolios do alumno	<p>Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación, do tempo dedicado...</p> <p>O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora, na aula e no horario de tutorías.</p> <p>Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.</p>
Proba de ensaio	<p>Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.</p> <p>Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.</p>



Discusión dirixida	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Recensión bilbiográfica Portafolios do alumno Traballos tutelados Presentación oral Estudo de casos	Para o desenvolvemento do traballo tutelado, a súa presentación oral e a realización do cartafol, será preciso participar, como mínimo, en dúas sesións de titorización, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A9 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1	<p>Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos, aplicación á Educación Primaria...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais...</p> <p>Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (15 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.).</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p> <p>Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.</p>	25



Traballos tutelados	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	Deberá incluír unha recensión sobre un libro relacionado coa temática e un estudo de caso sobre unha experiencia, programa, recurso, etc. Poderase solicitar tamén, de ser o caso, a análise de novas de prensa. Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros. A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuadrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.	25
Presentación oral	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos. Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...	10
Proba de ensaio	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.	40

### Observacións avaliación

- 1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.
- 2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula será considerada de forma positiva no proceso de avaliación.
- 3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense os seguintes criterios de avaliación:  
Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a principio de curso para a convocatoria de xaneiro, e no comezo do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%). Proba de ensaio (70%). As pautas e criterios de avaliación están recollidas no documento de avaliación colgado no Moodle.
- 4.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.

### Fontes de información



## Bibliografía básica

§ Alcalde, A.I. e outros (2006). Transformando la escuela: comunidades de aprendizaje. Barcelona: Graó. § Alonso, Alicia (2008). Las leyes educativas de la democracia. Descripción y contraste 1985-2006. Acción educativa y Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. § Apple, Michael e Beane, James A. (1999). Escuelas democráticas. Madrid: Morata-Paideia. § Asociación Internacional de Ciudades Educadoras (2004). Carta de Ciudades Educadoras. Disponible en: <http://www.bcn.es/edcities/aice/adjunts/Carta%20Ciudades%20Educadoras%20%202004.pdf> § Ajuste, Ana et al. (2005). Planteamientos de la Pedagogía Crítica: comunicar y transformar. Barcelona: Graó. § Candedo, M<sup>a</sup> Dolores (coord.) (2013). A educación: dereito ou mercadoría?. Santiago de Compostela: Laiovento. § Carbonell, Jaume (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro. § Carbonell, Jaume (2001). La aventura de innovar. El cambio en la escuela. Madrid: Morata. § Carbonell, Jaume (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro. § Caride, J. Antonio e Meira, Pablo A. (1996). O diálogo paradigmático na Educación Social. Revista Galega de Educación, 27, 16-20. § Carr, Wilfred (1995). Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid: Morata. § Colom, Antoni J. e Núñez, Luis (2001). Teoría de la Educación. Madrid: Síntesis. § Cuesta, Raimundo (2005). Felices y escolarizados. Crítica de la escuela en la era del capitalismo. Barcelona: Octaedro. § De Puelles, Manuel (2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid: Morata. § Delors, Jacques (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid: Santillana. Ediciones UNESCO. § Delval, Juan (1990). Los fines de la educación. Madrid: Siglo XXI. § Delval, Juan (2002). La escuela posible. Barcelona: Ariel. § Dewey, Jonh (1995). Democracia y educación. Madrid: Morata. § Dirección General de Educación y Cultura (2004). Competencias para un aprendizaje a lo largo de la vida de 2005. Un marco de referencia europeo. Comisión Europea. § Dubet, François (2005). La escuela de las oportunidades. ¿Qué es una escuela justa?. Barcelona: Gedisa. § Esteve, J. Manuel (1994). El malestar docente. Barcelona: Paidós. § Fernández Enguita, Mariano (1999). La escuela a examen. Madrid: Psicología Pirámide. § Fernández Enguita, Mariano (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. § Fernández, Mariano; Mena, Luis e Riviere, Jaime (2010). Fracaso y abandono escolar en España. Barcelona: Obra Social Fundación ?La Caixa?. § Filho, Lourenço (1992). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires: Kapelusz. § Freinet, Célestin (1992). Técnicas Freinet de la Escuela Moderna. Madrid: Siglo XXI. § Freire, Paulo (2006). El grito manso. Buenos Aires: Siglo XXI. § Gimeno, José (2003). El alumno como invención. Madrid: Morata. § Gimeno, José e Carbonell, Jaume (coords.) (2003). El sistema educativo. Un mirada crítica. Barcelona: CISS-Praxis. § Guerrero, Antonio (1996). Manual de sociología de la educación. Madrid: Síntesis. § Imbernon, Francisco (coord.) (1999). La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. Barcelona: Graó. § Kaplún, Mario (1998). Una pedagogía de la comunicación. Madrid: Ediciones de la Torre. § Makarenko, Antón S. (1967). Poema pedagógico. Barcelona: Planeta. § Malaguzzi, Loris (2011). La educación infantil en Reggio Emilia. Barcelona: Octaedro. § Martín Rodríguez, Eustaquio (1988). La supervisión educativa a la luz de las tradiciones y teorías científicas de la organización escolar. En Supervisión educativa (pp.47-67). Madrid: Uned. § Merieu, Philippe (1998). Frankenstein educador. Barcelona: Laertes. § Merieu, Philippe (2001). La opción de educar. Ética y pedagogía. Madrid: Octaedro. § Meirieu, Philippe (2017). Carta a un profesor mozo. Pontevedra: Kalandraka. § Morin, Edgar (2001). Los siete saberes necesarios para la educación del futuro. Barcelona: Paidós. § Negrín, Olegario e Vergara, Javier (2003). Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. Madrid: ICE y Ramón Areces. § Neill, Alexander S. (1974). Summerhill. Un punto de vista radical en la educación de los niños. México: FCE. § Puig, Josep M. (coord.) (2009). Aprendizaje servicio (ApS). Educación y compromiso cívico. Barcelona: Graó.



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Adorno, Theodor W. (1998). Educación para la emancipación. Madrid: Morata. Aldecoa, J. (1991). Historia de una maestra. Madrid: Anagrama. Almeida, J. (1995). Sociología de la educación. Notas para un curso. Barcelona: Ariel. Alumnos de la Escuela de Barbiana (1982). Carta a una maestra. Barcelona: Hogar del Libro. Álvarez-Uría, Fernando e Varela, Julia (1991). Arqueología de la escuela. Madrid: La Piqueta. Álvarez-Uría, Fernández e Varela, Julia (2009). Sociología de las instituciones: bases sociales y culturales de la conducta. Madrid: Morata. Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Dykinson. Aubert, Adriana (2004). Dialogar y transformar. Pedagogía crítica del siglo XXI. Barcelona: Graó. Ball, Stephen J. (comp.) (2001). Foucault y la educación. Madrid: Morata, 4ª ed. Barreiro, H. e Terrón, A. (2005). La institución escolar: una creación del estado moderno. Barcelona: Octaedro. Bauman, Zygmunt (2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida. Barcelona: Gedisa. Benner, D. (1998). Pedagogía como ciencia. Teoría reflexiva de la acción y reforma de la praxis. Barcelona: Pomares-Corredor. Carreño, M.; Colmenar, C.; Egido, I. e Sanz, F. (2000). Teorías e instituciones contemporáneas de educación. Madrid: Síntesis. Casas, M. e Botella, J. (2003). La democracia y sus retos en el siglo XXI. Elementos para la formación democrática de los jóvenes. Barcelona: Praxis. Castillejo, J. L.; Vázquez, G.; Colom, A. J. e Sarramona, J. (1993). Teoría de la educación. Barcelona: Taurus. Castro, Mª M.; Rodríguez, X. e Zapico, Mª H. (coords.) (2013). Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras. A Coruña: Editorial Toxosoutos. Cela, J. e Palou, J. (1994). Con voz de maestro. Madrid: Celeste. Colom, A. J. (1997). Teorías e instituciones contemporáneas de la educación. Barcelona: Ariel. Costa, A. (2009). A construción do coñecemento pedagóxico: antecedentes e desenvolvementos no século XX. Santiago de Compostela: Universidade, Sevizio de Publicacións e Intercambio Científico. De la Garza, Mª Teresa (1995). Educación y democracia. Aplicación de la teoría de la comunicación a la construcción del conocimiento en el aula. Madrid, Visor. De Puelles, M. (1991). Educación e ideología en la España Contemporánea (1767-1975). Barcelona: Editorial Labor. Delgado, B. (1998). Historia de la infancia. Barcelona: Ariel. Delval, J. (2000). Aprender en la vida y en la escuela. Madrid: Morata. Díez, C. (2002). El piso de abajo de la escuela: los afectos y las emociones en el día a día de la escuela infantil. Barcelona: Graó. Escolano, A. (2002). La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas. Madrid: Biblioteca Nueva. Fernández Soria, J. M. (1996). Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid: Síntesis. Ferrer i Guardia, F. (1976). La Escuela Moderna. Madrid: Júcar. Ferrero, J. J. (1994). Teoría de la educación: Lecciones y lecturas. Bilbao: Universidad de Deusto. Freire, P. (1970). Pedagogía del oprimido. Madrid: S.XXI. Freire, P. (1997). A la sombra de este árbol. Barcelona: El Roure. García Aretio, L. (1998). La Educación. Teorías y conceptos. Perspectiva integradora. Madrid: Paraninfo. García, J. e García, A. (1996). Teoría de la educación. Salamanca: Universidad de Salamanca. Gimeno, J. (2005). La educación obligatoria: su sentido educativo y social. Madrid: Morata. Gómez Rodríguez De Castro, F. e outros (1998). Génesis de los sistemas educativos nacionales. Madrid: UNED. Guttman, Amy (2001). La educación democrática. Una teoría política de la educación. Barcelona: Paidós. Halliday, J. (1995). Educación, gerencialismo y mercado. Madrid: Morata. Hargreaves, A. (1996). Profesorado, cultura y posmodernidad. Madrid: Morata. Illich, I. (1974). La sociedad desescolarizada. Barcelona: Seix Barral. Llopis, R. (2005). La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza. Madrid: Biblioteca Nueva. McCourt, F. (2006). El profesor. Madrid: Maeva. Medina, R.; Rodríguez, T.; García, L. (1992). Teoría de la educación. Madrid: UNED. Moore, T. W. (1987). Introducción a la teoría de la educación. Madrid, Alianza. Negrín, O. e Vergara, J. (2005). Antología de textos de Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. Madrid, Ramón Areces. Neill, A.S. (1994). El nuevo Summerhill. México, FCE. Palacios, Jesús (1988). La cuestión escolar. Críticas y alternativas. Barcelona: Laia. Pennac, Daniel (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Popkewitz, Th. S (1994). Sociología política de las reformas educativas. Madrid, Morata. Porto, A.S. (1986). La Institución Libre de Enseñanza en Galicia. Sada (A Coruña): Edición do Castro. Pozo, Mª M (2004). Teorías e Instituciones contemporáneas de educación. Madrid: Biblioteca Nueva. Rousseau, J.J. (1984). Emilio o de la educación. México, Porrúa. 9ª edic. Ruiz, A. (2002). La escuela pública. El papel del Estado en la educación. Madrid: Biblioteca Nueva. Savater, F. (1997). El valor de educar. Barcelona: Ariel. Santos Rego, M. A. (ed.) (2009). Políticas educativas y compromiso social. El progreso de la equidad y la calidad. Barcelona: Octaedro. Sánchez Arbós, M. (2005). Mi diario. Zaragoza: Diputación General de Aragón y Caja de Ahorros de la Inmaculada. Sánchez Arbós, M. (2007). Una escuela soñada. Textos. Madrid: Biblioteca Nueva. Sarramona, J. (2000). Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica. Barcelona: Ariel. Sarramona, J.; Colom, A.J.; Vázquez, G. (1998). Educación no formal. Barcelona: Ariel. Skinner, B.F. (1985). Walden Dos. Barcelona, Martínez Roca. Subirats, M.- Bulet, C. (1988). Rosa y azul. La transmisión de los géneros en</p>
------------------------------------	--



la escuela mixta. Madrid, Instituto de la Mujer. Taibo, Carlos (dir) (2010). Decrecimientos. Sobre lo que hay que cambiar en la vida cotidiana. Madrid: Catarata. Torres, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trilla, J. (1993). La educación fuera de la escuela. Barcelona: Ariel. Viñao, A. (2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid: Marcial Pons. VV.AA. (2003). La participación de los padres y madres en la escuela. Barcelona: Graó.



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

- É obrigatoria a entrega da ficha de identificación persoal para todo o alumnado antes do 1 de outubro do ano en curso.- Non se admitirán traballos dos que a profesora non teña constancia da súa realización.- Seguiranse en cada caso as indicacións dadas na aula para a realización dos traballos e actividades de avaliación, que tamén se atoparán colgadas no Moodle.

- Os traballos presentaranse en formato dixital e sempre axeitadamente identificados (nome da alumna/o, curso, grupo, equipo, materia e nome da docente). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Igualmente, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías